

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN

JÚNIOR E ABSOLUTO DE VERÁN

XUNTA DE GALICIA

Piscina: Rosario Dueñas, 50 metros 8 estaxes
Ourense, 3, 4 e 5 de xullo de 2026

INSTRUCCIÓN TÉCNICAS

1.- Horarios das probas

Hora de comezo	Venres 3	Sábado 4	Domingo 5
Sesión de mañá	09:30	09:30	09:30
Sesión de tarde	17:30	17:30	16:30

O horario publicado é aproximado e podería variar debido ás baixas que se poidan producir e en función do desenvolvemento da propia competición.

2.- Quecementos

Día previo:

O club organizador ofrece a posibilidade de dispoñer de piscina na xornada previa ao campionato (xoves). Para poder dispoñer de espazo o equipo que o desexe, debe comunicalo por correo electrónico a cnpourense@cnpourense.es. No devandito correo debe figurar o número de deportistas que acceden á instalación e a hora prevista. O tempo máximo de dispoñibilidade do espazo será dunha hora en franxas de 17:30 a 18:30; 18:30 a 19:30 e de 19:30 a 20:30. No caso de que nun dos horarios haxa demasiadas solicitudes en relación ao espazo, o club organizador será o encargado de asignar a quenda.

O prazo máximo de reserva, será o mércores ás 20:00.

Durante a competición:

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 15 minutos antes.

Utilización de material de adestramento. Durante os quecementos na piscina de competición só se permite a utilización do seguinte material auxiliar: pull-boi e táboa de pes.

Por seguridade **NON se poderán utilizar aletas, palas, gomas de resistencia...** nin se permitirá lanzarse á auga de cabeza.

Os nadadores evitarán agarrarse ás placas do crono electrónico e as liñas de boias.

Ó finalizar cada sesión os nadadores terán a piscina á súa disposición durante un período de 30 minutos.

Non se poderán efectuar quecementos na piscina de competición durante as cerimonia de entregas de medallas nin de premiación.

3.- Acreditación de delegado

A acreditación da persoa delegada de club deberá enviarse por correo electrónico antes do 2 de xullo cumprimentado na súa totalidade.

Tal e como se recolle na circular 25-04 a persoa adestradora así como a delegada acreditadas polo club deberán estar en posesión da súa correspondente licenza federativa para a presente tempada.

4.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas a través do formulario web como mínimo 60 minutos antes do inicio de cada sesión pola persoa Delegada do Club.

A ausencia da comunicación regulamentaria de baixa dunha inscrición suporá a baixa automática da persoa en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de remudas).

5.- Remudas

A composición das remudas deberá ser comunicada a través do formulario web como mínimo 60 minutos antes do inicio de cada sesión coa fin de efectuar as comprobacións necesarias e introducir os datos dos participantes na base de datos.

6.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

7.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

8.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 2 series antes antes do inicio da súa proba.

9.- Desenvolvemento da competición

Nas series matinais, os nadadores deberán permanecer dentro da auga até que se produza a saída da seguinte serie, agás nas probas de costas e remudas. Unha vez efectuada a saída da seguinte serie, deberán abandonar a piscina polos laterais á maior brevidade posible.

Nas probas de 400 m, 800 m e 1500 m libre indicárase o número de longos que restan por percorrer no frontal da piscina e os derradeiros 100 metros sinalárase con sinal acústica de campá.

Os nadadores evitarán subir por encima das placas abandonando a piscina polas escaleiras laterais tanto nas probas individuais como nas remudas. Os participantes das pistas 1 a 4 sairán da auga pola escaleira lateral dereita e os das pistas 5 a 8, sairán da auga pola escaleira lateral esquerda.

10.- Récorde e mellores marcas galegas idades

Anunciaranse por megafonía tódolos récorde e mellores marcas galegas no intre no que se produzan e figurarán nos resultados oficiais.

11.- Resultados no marcador electrónico

Os resultados que aparecen no marcador electrónico non se poderán considerar en ningún caso oficiais até que o xuíz árbitro dea o seu visto bo.

12.- Entrega de medallas

As entregas de medallas terán lugar nos momentos que figuran nas series do Campionato. Os nadadores premiados serán chamados por megafonía para acudir ao lugar establecido para a entrega de premios.

É imprescindible a colaboración dos medallistas así como os seus adestradores e delegados para que a dinámica da competición sexa fluída.

Os medallistas deberán presentarse no podio co uniforme do seu club.

Non se poderá utilizar a piscina de competición durante as entregas de medallas e trofeos.

13.- Entrega de resultados

Os resultados serán publicados na páxina web da Federación. Non se entregarán resultados en papel.

14.- Uso da instalación

En todo momento na praia de piscina, tanto en quecementos como durante a propia competición, os integrantes dos clubs estarán obrigados ao uso de chanquetas.

Non está permitido a utilización da piscina exterior.